



PH DO SOLO

QUE É?


É un parámetro importante que inflúe en diferentes factores do solo, **afectando ó crecemento das plantas**.

Ofrécenos información sobre a **acidez** ou **alcalinidade** dos solos.

É considerado coma unha das principais variables nos solos, xa que **controla moitos procesos químicos** que teñen lugar no mesmo.

QUE VALORES PODE TER?

O índice varía de 1 a 14, sendo 7 **neutro**. Un pH por debaixo de 7 é **ácido** e se é máis alto é **alcalino ou básico**.



QUE VALORES SON OS MÁIS APROPIADOS?

O pH afecta especificamente á disponibilidad dos nutrientes das plantas. O **rango de pH óptimo** para a maioría das plantas oscila **entre 5,5 e 7**.

